

A PROSA ENTRE 1936 E 1976: OS RENOVADORES DA PROSA(FOLE, BLANCO AMOR, CUNQUEIRO E NEIRA VILAS)

A Guerra Civil, que puxo fin a unha etapa cultural brillante na nosa literatura, tamén afectou á narrativa, que non reaparece ata a publicación de *A Xente da Barreira* (1951), novela de *Carballo Calero* centrada no tema da fidalguía.

En 1950 créase a *Editorial Galaxia*. Os verdadeiros impulsores do proxecto, Ramón Piñeiro, Fernández del Riego e García Sabell van orientar o seu labor nas seguintes direccións:

- a) Recuperar a ligazón coa tradición cultural de preguerra (Otero, Cabanillas).
- b) Reintegrar á cultura galega autores que optaran polo silencio (Fole, Cunqueiro)
- c) Reivindicar a validez do galego como vehículo de alta cultura.
- d) Incorporar as novas xeracións ao labor galeguista (Xohana Torres, M.Ferrín)

1. AUTORES FUNDAMENTAIS. PRINCIPAIS LIÑAS TEMÁTICAS

a. O realismo popular

Caracterizado pola ambientación rural, o marcado dialectalismo lingüístico, a sinxeleza argumental e o humorismo, ten como iniciador nos anos 50 a *Ánxel Fole*.

Fole publica en 1953 *Á lus do candil*, conxunto de 14 relatos narrados en 1ª persoa, seguindo as técnicas do contacontos. Fole recorre ao amplo repertorio da mitoloxía popular para reelaborar lendas de lobos, aparecidos, meigallos...

Outras obras de Fole son *Terra brava*(1955) e *Contos da néboa*(1975).

b. O realismo máxico

Asociado a *Álvaro Cunqueiro*, no conxunto da súa obra hai unha serie de trazos comúns que o converten no escritor galego dotado dun mundo literario máis persoal:

- a. Disgregación da novela, construída a base de relatos que se acumulan.
- b. Predominio da oralidade no estilo. O modelo estilístico é o conto de tradición folclórica, reforzado pola lingua chea de arcaísmos e dialectalismos.
- c. Entrecruzamento do extraordinario co cotián. A mestura de realidade e fantasía, de personaxes populares e personaxes míticos é frecuente.

A 1ª obra de Cunqueiro é *Merlín e familia* (1955), onde retoma personaxes de lendas medievais bretonas, pero instalados en Galicia, na terra de

Miranda. Outras novelas son **As crónicas do Sochantre** (1956) e **Se o vello Sinbad volvese ás illas** (1961).

Escola de menciñeiros (1960), **Xente de aquí e de acolá** (1971) e **Os outros feirantes** (1979) son pequenos relatos, semblanzas de personaxes galegos, reais ou imaxinarios, cheos de fantasía e de humor, nos que as técnicas de oralidade son frecuentes.

c. O realismo social

Ten a **Eduardo Blanco Amor** como máximo expoñente, quen alcanzou os máis altos cumes da literatura galega con 3 obras ambientadas no seu Ourense natal:

A esmorga (1959), obra emblemática da literatura galega, iníciase cunha “Documentación” onde un narrador primeiro explica cómo chegou a obter información do que se relata a seguir: os sucesos ocorridos durante un día de esmorga ao Castizo, ao Bocas e ao Milhomes e o seu tráxico desenlace. Novela de múltiples lecturas e interpretacións, destaca pola continuada crítica social, pola novidade temática (ambientación urbana e marxinal), polas novidades técnicas (o fío telefónico), pola innovación lingüística e polos elementos simbólicos (a chuvia).

Os biosbardos (1962) son 7 relatos breves que presentan como trazos comúns: a narración en 1ª persoa, o protagonismo adolescente, a ambientación urbana e a localización temporal (principios do s. XX).

Xente ao lonxe (1972) é unha novela de acción complexa, que trata da evolución do socialismo en Ourense e provincia a comezos do s. XX, pero tamén é a crónica da familia Vilar, desde o nacemento do derradeiro dos fillos ata a inminente morte do pai. Nesta novela conflúen varias voces narradoras, que proporcionan enfoques diferentes da realidade, e multitude de personaxes.

d. O socio-costumismo

Representado por **Xosé Neira Vilas** quen, desde o realismo crítico, reflicte os temas da vida do neno rural e da emigración.

Memorias dun neno labrego (1961) é unha novela de estrutura moi sinxela que afonda no subdesenvolvemento dun grupo de xentes aldeás. **Cartas a Lelo** (1971) e **Aqueles anos do Moncho** (1977) comparten coa anterior o protagonismo infantil.

En **Xente no rodicio** (1965) o protagonismo adulto aparece nunha sociedade campesiña condenada á emigración e á autodestrución. Tanto pola temática como polas técnicas narrativas, esta obra insírese dentro da Nova Narrativa.

Camiño bretemoso (1967) e **Historias de emigrantes** (1968) céntranse na visión dos problemas xerados pola emigración forzosa.